Justificante de Presentación

Datos de los Interesados

Datos del Interesado:

Documento identificativo:	[redacted]- JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA
Dirección:	Rúa Padre feijoo -local sindical CIG - 3 andar anexo
Localidad:	Vigo 36204 (Provincia: Pontevedra - País: España)
Teléfono de contacto:	[redacted]
Correo electrónico:	[redacted]
Alerta Email:	Si
Alerta Sms:	No

Datos del registro

Número de registro:	REGAGE26e[redacted]
Número de registro provisional:	N/A
Fecha y hora de presentación:	16/11/2026 12:57:12
Fecha y hora de registro:	16/11/2026 12:57:15
Tipo de registro:	Entrada
Oficina de registro electrónico:	Reg. Administración General del Estado
Organismo destinatario:	EA0041724 - Dirección Territorial Inspección de Trabajo y Seguridad Social de Galicia
Organismo raíz:	E05066501 - Ministerio de Trabajo y Economía Social
Nivel de administración:	Administración del Estado

Asunto:	Solicitude inf. psicosocial implantación lei de eficiencia e aplicación Atenea
Expone:	O exposto no escrito que se acompaña
Solicita:	Informe psicosocial

Documentos anexados

Nombre: INF. PSICOSOCIAL XULGADOS GALICIA.pdf
Algoritmo: SHA-512
Huella digital: 5e9588b6c46a8b492005d9186d66d83bdd7f9d8360d2e6ae9fd57319e24843f2d23b39776ea070b6702c3259b349433d68778febd6eb11158f4ef6250f2e08c7

Nombre: DOCUMENTACIÓN SOL.INF.PSIC.XULG.GALICIA.pdf
Algoritmo: SHA-512
Huella digital: 1e7e0c6aa69fafc37d4492a2a81705861ebcec1a56e7412a7a497ff20ce5a524e22169f4065dcd27cc1aa7ba596183979a97b51a83b93851a64f5621197a035a

El presente justificante tiene validez a efectos de presentación de la documentación en este Registro Electrónico y no prejuzga la admisión del escrito para su tramitación. La fecha y hora de este Registro Electrónico es la de la Sede electrónica del Punto de Acceso General (https://sede.administracion.gob.es/). El inicio del cómputo de los plazos que hayan de cumplir las Administraciones Públicas vendrá determinado por la fecha y hora de presentación en el registro electrónico de cada Administración u organismo.

De acuerdo con el art. 31.2b de la Ley39/15, a los efectos del cómputo de plazo fijado en días hábiles, y en lo que se refiere al cumplimiento de plazos por los interesados, la presentación en un día inhábil se entenderá realizada en la primera hora del primer día hábil siguiente salvo que una norma permita expresamente la recepción en día inhábil.

De acuerdo con el Art. 28.7 de la Ley 39/15, el interesado de esta solicitud se responsabiliza de la veracidad de los documentos que presenta.

Confederación Intersindical Galega

Á INSPECCIÓN DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL DE GALICIA

ASUNTO: DENUNCIA POLA FALTA DE ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE PREVENTIVA AOS CAMBIOS ORGANIZATIVOS E TECNOLÓXICOS NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN GALICIA.

Dª. Josefa Iglesias de la Campa, en calidade de delegada de prevención e en representación da organización sindical CIG-Xustiza, comparece ante esa Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia e, como mellor proceda en dereito,

EXPÓN

PRIMEIRO. - TRANSFORMACIÓN ORGANIZATIVA DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA DERIVADA DA LEI ORGÁNICA 1/2025 E AUSENCIA DE ADAPTACIÓN DAS AVALIACIÓNS DE RISCOS LABORAIS.

A entrada en vigor da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, supuxo unha transformación substancial da organización e do funcionamento da Administración de Xustiza, coa implantación dos Tribunais de Instancia, a reorganización das oficinas xudiciais, a creación e adaptación dos servizos comúns e a aprobación de novos protocolos organizativos.

Esta transformación está a comportar modificacións relevantes na distribución das funcións, nas cargas de traballo, nos procedementos de actuación, na organización dos equipos, nas relacións xerárquicas, nos mecanismos de coordinación e na propia forma de prestación dos servizos por parte do persoal ao servizo da Administración de Xustiza.

Estamos, polo tanto, ante un cambio estrutural que afecta directamente ás condicións nas que o persoal desenvolve a súa actividade profesional e que necesariamente debe ter o seu correspondente reflexo na política de prevención de riscos laborais da Administración empregadora.

Porén, non consta a esta representación sindical que a Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia realizase unha revisión xeral e actualizada das avaliacións de riscos laborais dos centros e dependencias xudiciais afectados

Firmado digitalmente por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA - [redacted]
Fecha: 2026.11.16 12:35:06 +01'00'

por estas modificacións, nin que se elaborase a correspondente planificación da actividade preventiva adaptada á nova realidade organizativa.

Cómpre lembrar que o artigo 16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (LPRL), establece a obriga de avaliar os riscos para a seguridade e saúde do persoal e de actualizar a avaliación cando cambien as condicións de traballo, así como de planificar a actividade preventiva en función dos resultados desa avaliación.

Neste sentido, a transformación da estrutura organizativa, a modificación dos procedementos de traballo, a redistribución de funcións e a aparición de novas formas de coordinación constitúen circunstancias que deben ser analizadas desde a perspectiva preventiva, identificando os riscos que poidan derivarse das novas condicións de prestación do servizo.

Non abonda, polo tanto, con modificar a estrutura administrativa e establecer novos protocolos organizativos. É imprescindible avaliar como afectan esas modificacións á seguridade e saúde do persoal, determinar os riscos existentes e adoptar as medidas preventivas correspondentes.

SEGUNDO. - AUSENCIA DUNHA AVALIACIÓN PSICOSOCIAL INTEGRAL E ESPECÍFICA DERIVADA DOS CAMBIOS ORGANIZATIVOS.

Non consta a realización dunha avaliación específica e integral dos riscos psicosociais derivados dos cambios organizativos implantados tras a entrada en vigor da Lei orgánica 1/2025.

As modificacións introducidas na organización do traballo poden repercutir directamente en factores psicosociais como:

- O incremento ou redistribución das cargas de traballo.
- A indefinición ou modificación das funcións e responsabilidades.
- A falta de claridade nos procedementos e nas instrucións de traballo.
- A modificación dos niveis de autonomía profesional.
- A participación do persoal nas decisións que afectan ao seu traballo.
- As relacións laborais e xerárquicas.
- A coordinación entre unidades, servizos comúns e equipos de traballo.
- A inseguridade e a incerteza derivadas dos cambios organizativos.
- A necesidade de adaptación continuada a novos procedementos e sistemas de traballo.
- A mestura de función entre os diferentes corpos.
- A posible aparición de conflitos, sobrecarga mental, estrés laboral e deterioración do clima organizativo.

O artigo 16 da LPRL, en relación co Real decreto 39/1997, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, establece a necesidade de identificar e avaliar os riscos existentes e de actualizar a avaliación cando se produzan modificacións nas condicións de traballo.

Confederación Intersindical Galega CIG XUSTIZA
Firmado digitalmente por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA - [redacted]
Fecha: 2026.11.16 12:34:36 +01'00'

Polo tanto, cando se produce un cambio relevante na organización do servizo público que pode incidir na saúde do persoal, a Administración debe identificar e avaliar os riscos derivados dese cambio, incluídos os de natureza psicosocial, e adoptar as medidas preventivas que resulten necesarias.

Non se trata dunha actuación voluntaria nin dunha cuestión que poida quedar supeditada á existencia de queixas individuais, senón dunha obriga preventiva que corresponde á Administración empregadora.

En consecuencia, esta representación considera imprescindible a realización dunha avaliación psicosocial integral, actualizada e extensiva a todos os centros de traballo e colectivos profesionais da Administración de Xustiza en Galicia, con participación dos delegados e delegadas de prevención.

TERCEIRO.- FALTA DE INFORMACIÓN, CONSULTA E PARTICIPACIÓN DOS DELEGADOS E DELEGADAS DE PREVENCIÓN.

Esta representación sindical vén constatando deficiencias no acceso á información relativa ás reformas, modificacións organizativas, protocolos de actuación e actuacións preventivas que afectan ás condicións de traballo do persoal ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia.

A implantación das novas estruturas organizativas e dos protocolos correspondentes debe ir acompañada do respecto efectivo aos dereitos de información, consulta e participación dos representantes dos traballadores e, especificamente, dos delegados e delegadas de prevención.

Neste sentido, os artigos 18, 33, 34 e 36 da Lei 31/1995 recoñecen os dereitos de información, consulta e participación en materia preventiva, así como as facultades dos delegados de prevención para coñecer as decisións e actuacións que poidan afectar á seguridade e saúde do persoal, formular propostas e colaborar coa Administración na mellora das condicións de traballo.

A implantación dos novos protocolos organizativos, a modificación dos procedementos de traballo, a redistribución das funcións e a incorporación de novas ferramentas tecnolóxicas deben someterse á información e consulta da representación preventiva cando teñan incidencia nas condicións de seguridade e saúde laboral.

Non resulta admisible que se adopten decisións que afectan directamente á organización do traballo sen facilitar previamente a información necesaria nin permitir unha participación real e efectiva dos delegados e delegadas de prevención.

A participación preventiva non pode limitarse á comunicación de decisións xa adoptadas, senón que debe permitir coñecer, analizar e formular propostas sobre as repercusións que esas decisións poidan ter na seguridade e saúde do persoal.

.

Confederación Intersindical Galega CIG XUSTIZA

Firmado digitalmente por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA - [redacted]
Fecha: 2026.11.16 12:35:27 +01'00'

QUINTO.- IMPLANTACIÓN DO NOVO SISTEMA DE XESTIÓN PROCESUAL ATENEA, EN SUBSTITUCIÓN DO PROGRAMA MINERVA . FALTA DE PLANIFICACIÓN, FORMACIÓN E AVALIACIÓN DOS RISCOS DERIVADOS DO CAMBIO TECNOLÓXICO.

A todo o anteriormente exposto cómpre engadir un novo factor de especial relevancia: a implantación do novo sistema de xestión procesual que substituirá o actual programa Minerva.

Segundo a información trasladada ao persoal, o novo sistema comezou a implantarse o día 5 de outubro de 2026, nun proceso que se está a desenvolver de maneira acelerada e sen que esta representación sindical teña constancia de que exista unha planificación suficiente da formación, adaptación e acompañamento do persoal usuario.

Ademais, está previsto que o programa actualmente en funcionamento deixe de prestar servizo o día 28 de febreiro de 2027, establecéndose así un prazo limitado para que todo o persoal poida adquirir os coñecementos e competencias necesarios para traballar coa nova ferramenta.

Esta situación xera unha especial preocupación desde o punto de vista da prevención de riscos laborais, dado que a substitución dunha ferramenta esencial para o desenvolvemento diario do traballo pode ocasionar:

- Sobrecarga mental e incremento da presión laboral durante o período de adaptación.
- Estrés e inseguridade derivados da falta de coñecemento suficiente do novo sistema.
- Incremento dos tempos de tramitación e acumulación de tarefas.
- Dificultades para cumprir os obxectivos e prazos de traballo.
- Erros derivados da falta de formación ou da insuficiente familiarización coa aplicación.
- Problemas de adaptación dos distintos colectivos profesionais ás novas funcionalidades.
- Prolongación das xornadas ou necesidade de recuperar atrasos derivados das incidencias e dificultades iniciais.
- Incremento dos conflitos e da tensión laboral ante a ausencia de soporte técnico ou asistencia suficiente.

A implantación dunha ferramenta tecnolóxica que afecta directamente á organización e execución do traballo debe ir acompañada dunha avaliación dos riscos derivados da súa utilización e dunha planificación preventiva que contemple a formación suficiente, o tempo de adaptación, os recursos de apoio, os procedementos alternativos ante incidencias e as medidas para evitar a sobrecarga laboral.

Debe terse en conta, ademais, o artigo 19 da LPRL, que establece a obriga de garantir unha formación teórica e práctica suficiente e adecuada, así como o artigo 18, relativo á información que debe facilitarse ao persoal.

Confederación Intersindical Galega CIG XUSTIZA

Firmado digitalmente por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA - [redacted]
Fecha: 2026.11.16 12:35:52 +01'00'

Non pode considerarse suficiente unha formación meramente formal, puntual ou limitada a explicacións xerais sobre o funcionamento da aplicación. É necesario garantir que cada colectivo profesional reciba a formación práctica que precise para desenvolver as súas funcións con seguridade e autonomía.

Resulta especialmente preocupante que se manteña a previsión de deixar de utilizar o programa Minerva o día 28 de febreiro de 2027 sen que conste, na data de presentación desta denuncia, unha planificación completa e acreditada que garanta que todo o persoal estea debidamente formado e que existan mecanismos de apoio suficientes para afrontar a transición.

Esta implantación debe ser considerada tamén dentro da avaliación dos riscos psicosociais, xa que supón un cambio relevante nos procedementos e nas condicións de traballo.

A Administración debe prever os efectos que esta transición pode producir na carga de traballo, na presión temporal, na autonomía profesional e na saúde mental do persoal, adoptando medidas preventivas antes de que esas consecuencias se materialicen.

SEXTO.- REITERACIÓN DAS RECLAMACIÓNS SINDICAIS NOS COMITÉS DE SEGURIDADE E SAÚDE. COÑECEMENTO PREVIO DA ADMINISTRACIÓN.

Cómpre deixar constancia de que as cuestións expostas nesta denuncia non son novas nin responden a unha preocupación formulada por primeira vez mediante este escrito.

Este sindicato, a través da súa representación e da delegada de prevención, denuncio estas deficiencias no Comité de Seguridade e Saúde celebrado 0 día 10 dos correntes, reclamando a actualización das avaliacións de riscos, a realización dunha avaliación psicosocial integral, a participación efectiva da representación preventiva e a adopción das medidas necesarias para garantir unhas condicións de traballo seguras e saudables.

Así mesmo, neste último Comité de Seguridade e Saúde celebrado o día **10 de novembro de 2026**, este sindicato incluíu expresamente estas cuestións como un punto para tratar na orde do día do citado órgano, insistindo na necesidade de abordar os efectos preventivos dos cambios organizativos derivados da Lei orgánica 1/2025 e da implantación do novo sistema de xestión procesual.

Na data de presentación desta denuncia está pendente o traslado do borrador da acta correspondente a esa reunión.

A reiteración destas reclamacións nos órganos de participación preventiva evidencia que a Administración foi advertida das preocupacións e deficiencias sinaladas por esta representación sindical e que estas cuestións foron obxecto de debate, sen que conste que se adoptasen as medidas integrais necesarias para darlles resposta.

Firmado digitalmente por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA - [redacted]
Fecha: 2026.11.16 12:36:12 +01'00'

Debe lembrarse que a obriga de protección da seguridade e saúde do persoal corresponde á Administración empregadora e non queda cumprida coa mera celebración dos Comités de Seguridade e Saúde ou coa recepción das propostas formuladas polos delegados de prevención.

O artigo 14 da LPRL establece o dereito do persoal a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo e o correlativo deber da Administración de garantir esa protección.

SÉTIMO.- NECESIDADE DUNHA ADAPTACIÓN INTEGRAL DA ACTIVIDADE PREVENTIVA Á NOVA REALIDADE ORGANIZATIVA E TECNOLÓXICA DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN GALICIA.

Esta representación sindical considera que todos os feitos anteriormente expostos deben ser analizados de maneira conxunta, xa que non estamos ante modificacións illadas, senón ante un proceso de transformación profunda da Administración de Xustiza que afecta simultaneamente á organización do traballo, á distribución das funcións, ás cargas laborais, aos procedementos de actuación e ás ferramentas tecnolóxicas empregadas polo persoal.

Por unha banda, a implantación dos Tribunais de Instancia, a reorganización das oficinas xudiciais e a creación dos servizos comúns modifican substancialmente a estrutura e o funcionamento dos centros de traballo.

Por outra banda, a implantación do novo sistema de xestión procesual, en substitución do programa Minerva, introduce novos procedementos e ferramentas que requiren formación, adaptación e recursos suficientes.

Ambos os procesos están a desenvolverse nun contexto no que esta representación sindical non ten constancia de que se realizase unha actualización xeral das avaliacións de riscos laborais nin unha avaliación psicosocial integral que permita identificar e previr as consecuencias destes cambios sobre a saúde do persoal.

A transformación organizativa e tecnolóxica da Administración de Xustiza en Galicia debe ir acompañada necesariamente dunha adaptación equivalente da súa actividade preventiva.

Non é posible acometer unha modificación de tal magnitude na organización do servizo público sen avaliar simultaneamente as súas consecuencias sobre as condicións de traballo, a seguridade e a saúde das persoas que o fan posible.

A Dirección Xeral de Xustiza, como órgano responsable da xestión do persoal e das condicións nas que se presta o servizo, debe garantir, no ámbito das súas competencias e en coordinación cos demais órganos responsables, que estes cambios se desenvolvan respectando as obrigas establecidas na normativa de prevención de riscos laborais.

A avaliación dos riscos non pode quedar reducida a un trámite formal nin apoiarse exclusivamente en documentos anteriores á transformación

Confederación Intersindical CIG XUSTIZA
Firmado digitalmente por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA - [redacted]
Fecha: 2026.11.16 12:36:53 +01'00'

organizativa. Debe responder á realidade actual dos centros, dos postos e dos procedementos de traballo.

Do mesmo xeito, a avaliación psicosocial debe permitir coñecer os efectos que a nova organización está a producir no persoal, identificar os factores de risco e establecer medidas correctoras concretas, con responsables, prazos de execución e mecanismos de seguimento.

A celebración dos Comités de Seguridade e Saúde, as reclamacións formuladas pola representación sindical e as propostas dos delegados de prevención deben traducirse en actuacións preventivas reais, verificables e eficaces.

O obxectivo non pode ser simplemente adaptar a Administración a un novo modelo organizativo e tecnolóxico, senón garantir que esa adaptación se realice sen menoscabar o dereito do persoal a unha protección eficaz da súa seguridade e saúde.

Por todo o anteriormente exposto,

SOLICITA Á INSPECCIÓN DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL DE GALICIA:

PRIMEIRO. Que admita esta denuncia e proceda á realización das actuacións inspectoras oportunas nos centros de traballo da Administración de Xustiza en Galicia, co obxecto de comprobar o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais tras os cambios organizativos e tecnolóxicos descritos.

SEGUNDO. Que se requira á Dirección Xeral de Xustiza para que achegue a documentación acreditativa da actualización das avaliacións de riscos laborais dos centros e dependencias xudiciais afectados pola implantación dos Tribunais de Instancia, a reorganización das oficinas xudiciais e a creación e modificación dos servizos comúns, así como a correspondente planificación da actividade preventiva.

TERCEIRO. Que se comprobe a realización dunha avaliación específica e integral dos riscos psicosociais derivados dos novos modelos organizativos, incluíndo a análise das cargas de traballo, a definición de funcións, a autonomía, a participación, as relacións laborais, a inseguridade organizativa e o clima laboral, garantindo que a avaliación abranga todos os centros e colectivos

CUARTO. Que se investiguen as condicións nas que se está a desenvolver a implantación do novo sistema de xestión procesual que substitúe o programa Minerva, iniciada o 5 de outubro de 2026, comprobando especialmente:

- A existencia dunha avaliación dos riscos laborais derivados da implantación do novo sistema.
- A planificación da formación teórica e práctica necesaria para todos os colectivos profesionais afectados.
- A suficiencia dos tempos e recursos destinados á formación e adaptación do persoal.

Confederación Intersindical Galega CIG XUSTIZA

Firmado digitalmente por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA - [redacted]
Fecha: 2026.11.16 12:37:13 +01'00'

- A existencia de mecanismos de apoio técnico e asistencia durante o proceso de transición.
- A previsión de medidas para evitar a sobrecarga de traballo, o estrés e os riscos psicosociais derivados da adaptación ao novo sistema.
- A existencia dun plan de continxencia ante incidencias técnicas ou dificultades que poidan comprometer o desenvolvemento ordinario do traballo.
- A garantía de que a desactivación do programa Minerva, prevista para o 28 de febreiro de 2027, non se produza sen que estean garantidas as condicións necesarias para que todo o persoal poida utilizar adecuadamente a nova ferramenta.

NOVENO. Que se teña en consideración que estas cuestións foron denunciadas e trasladadas por este sindicato no anterior Comités de Seguridade e Saúde e, de maneira expresa, celebrado o 10 de novembro de 2026, no que se incluíron como punto específico para o seu tratamento, estando pendente o traslado do borrador da acta correspondente.

DÉCIMO. Que se comprobe se a Dirección Xeral de Xustiza cumpriu as súas obrigas preventivas desde o inicio dos procesos de transformación organizativa e tecnolóxica, valorando especialmente se existiu unha identificación previa dos riscos, unha actualización das avaliacións, unha planificación preventiva suficiente e unha consulta efectiva aos delegados e delegadas de prevención.

UNDÉCIMO. Que, á vista das deficiencias que poidan constatarse, se formulen os requirimentos oportunos á Dirección Xeral de Xustiza para que proceda á actualización das avaliacións de riscos, á realización da avaliación psicosocial integral, á elaboración da correspondente planificación preventiva e á adopción das medidas necesarias, establecendo prazos concretos para o seu cumprimento.

DUODÉCIMO. Que se informe a esta representación sindical das actuacións inspectoras realizadas e, na medida legalmente procedente, das conclusións e medidas adoptadas, co obxecto de poder efectuar o correspondente seguimento a través dos órganos de participación e representación en materia de prevención de riscos laborais.

Todo iso en garantía do dereito do persoal ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia a unha protección eficaz da súa seguridade e saúde, evitando que os procesos de transformación organizativa e tecnolóxica se desenvolvan á marxe das obrigas establecidas na normativa de prevención de riscos laborais.

Confederación Intersindical CIG Xustiza Galiza

Firmado digitalmente por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA - [redacted]
Fecha: 2026.11.16 12:37:32 +01'00'